

Concurso de Orientación de Primaria

Na proposta de vacantes figuran **37 prazas**, das que **20 son compartidas** (destas hai 7 que teñen tamén centros adscritos) e **outras 2 teñen un centro adscrito**. Isto implica que o 60% destas prazas de Orientación que saen neste concurso terán que atender máis dun centro.

Está claro que isto non é unha aposta firme pola atención á diversidade, o que si o sería sería acceder á petición da CIG-Ensino, **que todos os centros de Galiza contasen cun Departamento de Orientación propio**.

No comezo da mesa a Consellaría comunica que detectou uns erros menores no borrador das posíbeis resultas que serán corrixidos na publicación no DOG.

Consideramos que unha das eivas principais da planificación da distribución dos centros é que se fai sen contrastar nas Xuntas de Persoal nin na mesa sectorial.

Co incremento de prazas de Orientación a todos os centros de 6 unidades non teríamos todos os anos estes cambios nos centros para ver con quen comparten, ao se reducir dun xeito importante a compartición de centros, mellorando o traballo e a atención á diversidade.

O anexo de posíbeis resultas é por definición a rede de orientación de Infantil e Primaria, polo que nel deben estar todos os centros con departamento de orientación e non debe variar sen previa negociación, algo que esta Consellaría nunca fixo, cambiando arbitrariamente o que lle parece.

O mellor exemplo da improvisación coa que traballa a Consellaría está na base segunda da convocatoria na que, facendo referencia ás vacantes, afirma:

“Tanto os departamentos de orientación únicos como os departamentos de orientación compartidos abranguerán no seu ámbito de actuación os centros que, se é o caso, se lles adscriban.”

O prazo de participación no concurso de orientación comezará inmediatamente despois de rematar o prazo do CXT

Cambios legislativos necesarios

Levamos anos denunciando que o actual decreto, do ano 1998, está obsoleto e que se debe actualizar, tamén no referente a funcións e obrigas así como o requisito de titulación, algo que non sería ningún obstáculo se se aceptase a demanda da CIG-Ensino, apoiada por miles de docentes de Galiza de que o corpo de mestres fose do subgrupo A1.

Tense que analizar toda a lexislación actual e protocolos nos que a figura de orientación ten sinaladas funcións e, unha racionalización destas, así como da burocracia asociada e os prazos desta.

Tamén se debería asumir a recomendación da UNESCO de dotar cun orientador ou orientadora por cada 250 alumnos ou alumnas, e coa dotación de profesionais da orientación tendo en conta, ademais do número de alumnado matriculado no centro, outros criterios de gran relevancia para a práctica orientadora, como poden ser a porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, factores de vulnerabilidade socioeducativa da contorna ou a etapa ou etapas educativas que se desenvolven no centro, aplicando, de ser o caso, un coeficiente que permitise garantir a calidade do servizo en centros de maior dificultade. Isto levaría a unha mellora substancial do traballo dos departamentos, tanto en Infantil e Primaria como en Secundaria.

Debe entenderse pola administración que existe un perfil propio de orientación e atendelo dun xeito diferenciado. Debe contarse co persoal especialista e adaptar a ese perfil os cursos de formación, a competencia dixital, o acceso a PROENS, Abalar, Edixgal, aplicación NEAE de XADE, as enquisas (convivencia, sondaxes, etc), as revisións médicas... Ao tempo que debe garantirase asesoramento e respaldo profesional e xurídico específico.

Elaboración dunha rede de orientación nos centros de educación infantil e primaria

Vimos demandando desde hai anos unha negociación na Mesa Sectorial sobre a situación e necesidades actuais da orientación educativa, co obxectivo longamente reclamado pola CIG-ensino e polas profesionais, dunha rede estábel de Orientación que abraza todas as etapas e niveis educativos e que sexa froito do diálogo e co contraste con quen traballa directamente neste ámbito.

A proposta da CIG-Ensino xa é coñecida:

- ✓ **Orientación a tempo total en todos os centros de máis de 6 unidades.**
- ✓ **Limitación dos centros adscritos.**
- ✓ **Compartición de centros con carácter excepcional e limitación de unidades e atender.** É preciso un estudo da compartición dos centros en función de unidades, número de alumnado total e distancia entre centros.



A adxudicación definitiva neste concurso implica a renuncia ao CXT

Para a CIG-Ensino a suma de unidades cando se comparten centros ten que ser inferior ás unidades para unha praza a tempo total, agás casos excepcionais de centros rurais con moi pouca matrícula que se deben negociar.

A atención á diversidade nos CPI.

Solicitamos que se faga unha revisión das necesidades dos CPI. Hai algúns que polo escaso alumnado non precisarían unha segunda praza de Orientación, mais outros si. Naqueles CPI nos que, polo total de alumnado ou por casos de NEAE existentes, sexa conveniente deben dotarse esas prazas.

Demandamos incremento da oferta de prazas

Solicitamos que se incorporen as seguintes vacantes:

- CEIO Plurilingüe do Xurés (Lobios): con un centro compartido e dous adscritos faise inviable que a persoa responsable de orientación poida atender 4 centros con un mínimo de calidade.

Tamén solicitamos que se modifiquen nas posíbeis resultas o seguinte:

- O CEE Miño aparece como centro base con un centros compartido que é o CEIP Inmaculada. Reiteramos a necesidade de atender de forma independente estes dous centros, carece de sentido que desde un CEE con un número de alumnado elevadísimo se teña que atender a un CEIP da cidade de Ourense que por número de alumnado en xeral e alumnado con necesidades en particular tería máis que xustificado a creación dun DO propio.
- CEIP Igrexa Chapela de Redondela con aula específica e aínda así comparte orientación co CEIP Alexandre Bóveda
- **Que nos seguintes centros a orientación deixe de ser compartida:** EEI do Milladoiro, CEIP Ponzos, CEIP de Esteiro, CEIP Virxe do Mar, CEIP San Xoán de Filgueira, CEIP Pazos, CEIP Santa María do Castro, CEIP de Escarabote, CEIP As Gándaras, CEIP A Ponte, CEIP o Cantel, CEIP de Foz, CEIP Celeiro, CEIP Santa Rita, CEIP Covas, CEIP de Cervo, CEIP Península da Paz, CEIP de Nois, CEIP Lourenzán, CEIP Álvaro Cunqueiro Mora, CEIP Rodríguez Sinde, CEIP Mestre Manuel García, CEIP de Chans Bembrive, CEP Santa Tegra, CEIP Javier Sensat, CEIP O Hío, CEIP A Torre, CEIP de Tirán... estes centros son só un exemplo de centros onde tanto por número de alumnos como por necesidades educativas é necesario que a orientación deixe de ser compartida.

Eliminar o requisito e 2 anos no últimos destino definitivo.

Demandamos a eliminación do requisito de levar dous anos no destino para participar. Cremos que non ten sentido fixar o prazo de 2 anos nun concurso específico. En todo caso, debería terse en conta ese tempo de 2 cursos en prazas do mesmo concurso específico.

Requisito lingüístico

Se a convocatoria establece como requisito lingüístico o CELGA 4, como así ten que ser, non pode solicitárselle ao persoal participante un nivel B2 do actual RD 1041/2017 xa

que a validación establecida para o CELG 4 é o C1. **Vano revisar.**

Baremo

A CIG-Ensino é partidaria de que as titulacións que se fixan como dereito preferente (psicopedagogía, psicoloxía, pedagogía,...) sexan requisito e non mérito. Seguimos a demandar a modificación do Decreto 120/1998.

Reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva ou que cando menos se eliminen discriminacións para o profesorado.** Isto podería facerse neste concurso específico, en que non teñen por que manterse determinados apartados do CXT.

Partindo da nosa posición global sobre o baremo, entendemos que hai aspectos que agora poden ser tratados ao non estar tan condicionados pola normativa estatal:

- ✓ **O tope de puntuación para outras funcións docentes:** o baremo actual premia a función directiva sobre as demais responsabilidades e cargos ao limitar estas a 10 puntos cando o tope do apartado chega a 30. Unha directora chega aos 30 puntos en 6 anos e 8 meses e unha xefa de estudos ou un secretario en 10 anos cando, por exemplo, unha xefatura de departamento de Orientación só pode chegar a 10 puntos. Propomos que se elimine o tope para o apartado 4.3 e que todo o mundo poida acadar os 30 puntos.

- ✓ **Hai apartados que, como vimos dicindo todos os anos, están de máis neste concurso no que só pode participar profesorado do corpos de mestres:**

- 👤 Apartado 1.2.3.: a antigüidade en corpos de subgrupo inferior non existe.
- 👤 Apartado 2: corpo de catedráticos, nin existe o caso nin ten sentido.

- ✓ **Puntuación de todas as coordinacións didácticas.** Igual que no CXT e no concurso de Orientación, a Consellaría incorporou como novidade no apartado doutras funcións docentes asesoría como a do CIEDIX ou ao do CGIFP, a coordinación do equipo de dinamización do Plan Dixital ou de Benestar e Convivencia. Estes cambios, lóxicos xa que estas funcións merecen recoñecemento, non se dan noutros casos que levamos anos reclamando como 2ª lingua estranxeira, coordinacións de ámbitos na FP básica, coordinación de igualdade, responsábeis de biblioteca, encargadas/os de comedor... o que fai esta exclusión aínda máis impresentábel. **Vano revisar.**

- ✓ **A eliminación do apartado 6.4 por desempeño de postos na Administración educativa.** A Consellaría advertiu ao comezo da reunión que o feito de non figurar era un erro e que si se incluíra. A CIG-Ensino chamou a atención sobre o feito de que na convocatoria do curso pasado xa non apareceu (fose ou erro ou non) e non pasou nada, polo que demandamos que desapareza para sempre.